

SPIF LISTAS DECRETO 37/2006: ACLARACIÓNS AO RESPECTO DA CONVOCATORIA DAS PROBAS FÍSICAS E DE AGUDEZA VISUAL

Santiago de Compostela 28/02/24

- As persoas que **non se poidan presentar á proba física por causas de saúde** deben achegar un escrito coa xustificación que acredite ese impedimento. Unha vez finalizado o problema valorarase a repetición da proba a esas persoas, no seu caso.
- As persoas da **lista de emisorista** non foron convocados á proba visual porque coa actual normativa non se lle pode esixir ás persoas da lista de persoal laboral que superen unha proba visual. Non obstante para ocupar unha praza de persoal funcionario da escala emisorista-vixilante é necesario acreditar a superación da dita proba.

Tendo en conta o anterior as persoas que sexan seleccionadas da lista de emisorista para ocupar unha praza da escala de vixilante-emisorista, con carácter previo á toma de posesión realizaraselle a correspondente proba visual. No caso de ser seleccionados para ocupar unha praza de persoal laboral non lle será esixida a dita proba.

- **Persoas que solicitan cambio de ámbito:** Na Xestión ordinaria de listas no mes de xaneiro abrese o prazo para que as persoas que están en Xestión poidan solicitar o cambio de ámbito, que entra en vigor o 1 de marzo. Unha vez revisadas as ditas solicitudes comprobouse que hai un total de 31 persoas que solicitan a incorporación a un dos ámbitos no que existen prazas que teñen como requisito o Pack Test. Tendo en conta o anterior incluíronse na convocatoria do PACK Test a esas persoas para o día **13/03/2024 as 14:00** horas, (todas estaban convocadas para o Field Test), xa foron avisadas por teléfono. [Achegase o listado das persoas](#)

